

## PERSONAXES

- Mara: Gabriela
- Ángela: Troya
- Sofía: Ryana; hermana de Sharpay
- Giana: mala Sharpay
- Yaiza + Uxía + Ahlam + Noa L + Lucía C: animadoras
- Elías: Chad; mejor amigo de Troya
- Carlota + Carla R: jugadoras de baloncesto
- Iria B: Taylor; amiga de Gabriela y novia de Chad
- Sabela y Antía B: amigas del club de química de Gabriela
- Soraya y Nerea L: profe de Música y pianista (Kelsi)
- Matías: narrador
- Ramón: coach del equipo y padre de Troya.

## EQUIPO MUSICAL + BANDA

- Joaquín:
- Brais:
- Antía Boubeta
- Xiana
- Carla B
- Noa González

## EQUIPO DE COREÓGRAFAS

- Yaiza
- Uxía
- Ahlam
- Noa L
- Lucía

## EQUIPO DECORADO

- Carlota
- Héctor
- Xabi
- Ramón
- Kairo
- Carla R
- Meriem
- Sabela e Antía (colaboran)

## GUIÓN

*Narrador: Fin de Ano de 2023 no Pub Sapiens. Todo o alumnado de terceiro do IES de Soutomaior asiste a esta festa para celebrar a entrada no 2024.*

(decorado: bar)

(todos os personaxes vestidos de festa - mentres soa [Señorita](#) - coreografía)

*Narrador: Mentres todos bailan, Taylor coñece a unha rapaza e a invita a bailar.*

- Taylor: Olaa, non te coñezo verdade?
- Gabriela: Ola, non, é que son nova.
- Taylor: Coñeces a alguen? Se non che presento o meu grupo.
- Gabriela: Non, vin soa.
- Taylor: Perfecto, vente.

*Narrador: Taylor preséntalle a Gabriela ao seu mozo Chad e a súa mellor amiga Troya.*

(Achéganse ao grupo e realizan as presentacións e prodúcese o frechazo entre Gabriela e Troya)

*Narrador: Gabriela e Taylor seguen en contacto, e a volta das vacacións de Nadal, no colexio, reencóntranse (decorado: unha clase)*

- Gabriela: Tayloor.
- Taylor: Gabrielaa.

(Danse unha aperta moi grande e xa se acompañan á clase de química. Entran e Gabriela dase conta que está Troya, míranse mentras soa con guitarra "Soldadito marinero" acústico)

*Narrador: Rematan as clases e comeza o entreno das animadoras. Gabriela é admitida no grupo despois de pasar unhas probas. Entran os xogadores de baloncesto e comezan a entrenar.*

(os personaxes fan que entrenan co balón - vestiario entreno)

- Gabriela: Non sabia que eras xogadora de baloncesto.
- Troya: E que ti eras animadora.
- Gabriela: Xa ves. Admitíronme hoxe, estou super emocionada por pertencer ó grupo
- Troya: Pois verémonos aquí todas as tardes. Chao.
- Gabriela: Sii, chao.

*Narrador: Gabriela e Troya no cambio de clase van polo pasillo e ven un cartel de audicións para o musical do instituto (decorado: cartel das audicións)*

- Gabriela: Anda, un musical! Non sabia que se facía aquí.
- Troya: Si, fanse todos os anos. A protagonista sempre é Sharpay, pero se o intentas podes conseguilo. Apuntaste? (Nese momento interrompe Sharpay)
- Sharpay: Pois eu si. (Apunta o seu nome en todo o cartel).( Dirixíndose a Troya) Cantas conmigo?
- Troya: Non, é que xogo ao baloncesto (en baixo) que pesada.
- Gabriela: Eu tampoucon, dame vergoña (no fondo si quere).
- Sharpay: Mellor para min, máis protagonismo.

*Narrador: As audicións dan comezo e moitos estudantes preséntanse para intentar gañarse un posto no musical.*

(Pasan varios candidatos non moi bos e a profesora de música está moi descontenta, cando de repente saen ao escenario Sharpay e a súa irmá e deslumbran coa súa interpretación de [What I've been looking for](#)) - (facer playback)

(Gabriela e Troya, indo para clase, pasan pola porta da sala de actos)

- Gabriela: Mira que son creídos.
- Troya: A q si, poderíamos facelo mellor.
- Gabriela: Non sei, non quero facer o ridículo.
- Troya: Non o creo, se o preparamos ben poderíamos quitarlle o posto a eses dous.
- Gabriela: E que cantamos?
- Troya: Pois a mesma

*Narrador: Rematan as audicións e a Gabriela parécelle boa idea participar, a profesora dalle unha oportunidade e os escoita ([What I,ve looking for](#))* - (facer playback)

- Profesora: Que ben soades; poderedes participar na próxima audición.

*Narrador: Gabriela e Troya están moi contentas e comezan a abrazarse da emoción. A partir de aí Troya escaquéase dos entrenos para poder pasar máis tempo con Gabriela coa excusa de ensaiar.*

(nestas esceas podemos observar a Gabriela e Troya ensaiando co piano por detrás - miradas e caras de estar comezando a enamorarse) - decorado: local de ensaio: piano

*Narrador: Un destes días no que están concentradas ensaiando, aparece todo o Equipo de Baloncesto e comezan a berrarlle a Troya por non aparecer nos entrenos.*

- Chad y Taylor: (pasan diante de o salon de actos da man e sorprendense ao ver aos seus amigos) Troya, Gabriela ¿¡QUE FACEDES!?
- Gabriela: Ups (cara de sorpresa)
- Chad: É ti? (dirixíndose a Troya) adícaste a cantar agora ou que? (moi confundido).
- Taylor: (Levándose a Gabriela) Tes que deixar isto, non podes descuidar os entrenos.
- Gabriela: Pero ... non teño por que deixar isto. Podo facer as dúas cousas.

- Taylor: En serio? E por que estás deixando os entrenos? Porque non podes atender ás dúas cousas.
- Gabriela: Taylor, por favor.
- Taylor: Bueno... se non te descoidas dos entrenos vale, se non terías que deixar algunha das dúas cousas.
- Chad: (falando con Troya): Tía, dende cando cantas?
- Troya: Dende que a coñecin a ela.

*Narrador: O rumor de que a capitá do equipo de baloncesto canta expándese rápido polo instituto e desátase o caos (empeza a soar [Get,cha Head in the Game](#) - bailan)*

Sharpay e Ryana inician un plan para separalos e conseguir mais fama:

- Sharpay: Hai que separalos, pero XA!!
- Ryana: Así é, e se gravamos un vídeo mentres estades xuntos, cando o vexa Gabriela vaise poñer triste e non vai querer estar máis con Troya?
- Sharpay: Perfecto!

*Narrador: Sharpay e Ryana marchan a gravar o vídeo.*

(Sharpay achégase a Troya no palco e comeza a tontear con ela, mentres Ryana gravar todo co móbil e o sube a Instagram e todo o instituto visualiza ese vídeo).

*Narrador: Gabriela achégase a Troya para botarlle en cara o do vídeo e ....*

- Gabriela: (berrando) Troya, que é o que está pasando?!?
- Troya: Que pasa? De que estás falando?
- Gabriela: Non me vaias a dicir parvadas, sabes perfectamente o que está pasando.
- Troya: Non sei de que me falas.
- Gabriela: Entón este video? (ensina o mobil) Agora acordaste?
- Troya: Xúroche que non foi nada!! Viu Sharpay xunto miña e eu non lle facía caso, coma sempre.
- Gabriela: Pois non parece iso.
- Troya: De verdade que non coñeces a Sharpay? É unha falsa, seguro que nos quere separar cunha das súas trampas.
- Gabriela: Troya eu paso, xa falaremos. (marcha chorando)

*Narrador: despois desta discusión, todo lles sae mal. Están entrenando mal, non lles sae nada a dereitas: non meten canastas; Gabriela cae nun nestes entrenos e torce o nocello, etc (nesta escea, todo o alumnado do IES de Soutomaior pasea lánguido polos corredores)*

*Narrador: pasan as semanas e o Equipo de Baloncesto comentan nos vestiarios o sucedido e deciden que Chad ten que arranxar todo e falar con Troya.*

- Chad: Troya, tes que arranxar as cousas con Gabriela.

- Troya: Eu non estou enfadada, é ela. Dende que viu o vídeo, pensa que fun eu a que estaba tonteando con Sharpay.
- Chad: Pois terás que falar con Sharpay e poñerlle as pilas. O que non pode ser é que continúes así e non metas ningunha puñetera canasta!!!!!!!
- Troya: Pois a ver como fago.

*Narrador: Troya vai xunto Sharpay e comezan unha discusión. Troya quere que elimine o video das redes e que lle diga a todo o mundo que todo foi mentira.*

- Sharpay: Non vou facer iso. Ti o quixeches, por ir con Gabriela nas audicións.
- Troya: Es unha porca asquerosa sen amigos, só estás coa a túa irmá e nin ela te soporta.

*Narrador: Aquí empézase unha pelexa entre ela as dúas- [Eye of the tiger](#)- soa polo fondo.*

- Troya: Agora que, o eliminas ou queres outra?
- Sharpay: Vale, vale eliminoo agora.
- Troya: Diante miña!

*Narrador: Sharpay elimina o video e Troya e Gabriela reconcilianse. O día das audicións finais Troya ten un partido moi importante e Gabriela unhas olimpíadas de física, pero buscan a solución para poder ir xuntos. Rematan cada un a súa competición, e corren para poder chegar as audicións, como non, chegan tarde.*

- Profesora: Chegades tarde, as audicións xa remataron.

*Narrador: Troya mais Gabriela pónense a cantar e a profesora dase conta do seu talento así que dálles unha oportunidade.*

*Despois de deixarles facer a audición dalles o papel, cantan e represéntano. (playback e coreografía das protagonistas.)*

*(Coreografía final; [we all in this together](#))*

**FIN**